

## SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 20/08/2019

### **PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

### **Lista de asistentes**

TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
ARGIMIRO SERÉN MERA  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO  
MATILDE LAYA LORENZO

### **Lista de non asistentes**

LINO MOURIÑO SANTIAGO

### **SECRETARIO/A**

MARÍA JOSÉ LORENZO LÓPEZ

### **INTERVENTORA**

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 11:00 horas do día 20/08/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 05-ago-2019, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2019/3830**

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 20 de agosto de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 20 de agosto de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA APROBAR	DATA XGL	CUMPRE
ALFERERIA ALTO DO COUSO, S.L.	B32199887	1.422,96 €	20/08/2019	SI
ASOC. CUL. DEP. FONTEFRIA	G36446821	315,00 €	20/08/2019	SI
ASOC. CUL. LUMARADA	G94150414	225,00 €	20/08/2019	SI

ASOC. CUL. OS REMOLONS SOBRAD	G36433571	150,00 €	20/08/2019	SI
ASOC. CULT. MALVEIRAS	G36136679	3.291,00 €	20/08/2019	SI
CANTAREIRAS BULIDEIRAS DE FONTECARMOA	G94093598	150,00 €	20/08/2019	SI
COMARFI, S.L.	B45231198	1.035,76 €	20/08/2019	SI
COMARFI, S.L.	B45231198	1.035,76 €	20/08/2019	SI
CONFITERÍA ANCLA, S.L.	B36104180	387,50 €	20/08/2019	SI
FEIJOO VILAR, JOSE	76927537N	5.324,00 €	20/08/2019	SI
GARCIA RODRIGUEZ, RAQUEL	44463265X	330,00 €	20/08/2019	SI
INSUA LEMA, BORXA	79326771R	3.267,00 €	20/08/2019	SI
LAGUARDIA & MOREIRA, S.A.	A28080695	2.546,49 €	20/08/2019	SI
MENDEZ SANTOS, S.L.	B94121431	9.438,00 €	20/08/2019	SI
MILLAN ARMAS, JOSE MANUEL	36095934X	1.815,00 €	20/08/2019	SI
MOVIM. DE ARIDOS Y CONST. DE AROSA SL	B36533537	13.267,56 €	20/08/2019	SI
NOR-IBERICA DE BEBIDAS, S.L.	B32309817	4.235,00 €	20/08/2019	SI
OCAÑA NOVOA, ROBERTO	35417119V	10.468,92 €	20/08/2019	SI
SARABELA TEATRO	B32117483	500,00 €	20/08/2019	SI
URDIME, S.C.G.	F70353982	363,00 €	20/08/2019	SI
VAZQUEZ IGLESIAS, MARIANO	35464676X	10.890,00 €	20/08/2019	SI
VIVEIROS ADOA, S.L.	B36300564	26.770,70 €	20/08/2019	SI

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Vista a proposta do Concelleiro de Servizos e Relacións veciñais para aprobar a autorización á Fundación Lar para a realización de prácticas do curso "Actividades Auxiliares en Agricultura", a Xunta de Goberno Local acorda autorizar aos 40 alumnos/as da Fundació Lar a realización de 40 horas de prácticas profesionais no laborais.

#### **PRP2019/3780**

Dáse conta do escrito presentado por **D. Eduardo Lastra Gamarra** e/n PUB Gotham, solicitando autorización para celebración dun concerto na rúa Méndez Núñez, o día 30 de agosto de 2019, en horario de 22:30 a 00:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2019/3784**

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Olaya Fernández Sobrino** e/n High Heels Suicide, S.L., solicitando autorización para ocupación de vía na rúa Romero Ortiz nº9-11, o día 10 de agosto de 2019, en horario de 12:00 a 15:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000,00€
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2019/3785**

Vista a proposta do encargado de obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento

presentado por **Roberto Ocaña Novoa (Decoración Xiabre)** para o a aplicación de maticarcomas en piso de madeira na escola unitaria de Vilar (Bamio), por un importe total de 4.133,36€ (IVE incluído), con cargo á partida 320-212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **EMPREGO**

#### **PRP2019/3807**

Dáse conta de Resolución do Servizo de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de concesión de subvención, por importe global de 180.021,28€, para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego, e os salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado, para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego Labora Xove 2019 (Exp. 36/00001/2019), dirixido a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, para 16 alumnos/as traballadores/as, cunha duración de 6 meses, para as seguintes especialidades:

- Socorrismo en espazos acuáticos (8 alumnos)
- Promoción Turística Local e información ao visitante(8 alumnos)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2019/3808**

Vista a proposta da Directora da Biblioteca, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a relación de actividades de dinamización da lectura, que promovan a igualdade entre homes e mulleres e/ou loita contra a violencia de xénero nas bibliotecas, no marco do programa "Ler Conta Moito", aprobado en Xunta de Goberno Local do 3 de xuño de 2019. Adjudicándose as actividades ós seguintes provedores e polos importes que se indican, con cargo á partida 3321-22609:

- Urdime, S.Coop. Galega - Actividade: "Principas e princesos", por importe de 363,00€.
- Sarabela Teatro- Actividade: "Noa no espello", por importe de 500,00€.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2019/3809**

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a incorporación ao orzamento da Área de Igualdade-CIM da cantidade de 22.791,29€ asignada ao Concello de Vilagarcía dentro do Pacto de Estado contra a violencia de Xénero, co fin de poder iniciar accións encamiñadas a cumprir coas medidas do citado Pacto de Estado e que se

leve a cabo a xeración de crédito correspondente.

Acórdase así mesmo a creación dunha Mesa de Traballo contra a violencia, na que poidan estar presentes distintas áreas municipais que poidan ter relación co tema, coordinadas pola Área de Igualdade.

## **CULTURA**

### **PRP2019/3810**

Vista a solicitude de **D. Juan Tomás Cores Fernández**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da festa do Churrasco en Cornazo o vindeiro día 7 de setembro de 2019:

- Asociación Cultural Lumarada por un importe de 225,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2019/3811**

Vista a solicitude de D. Jesús Güimil Beiras, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal o día 30 de agosto de 2019 en horario de 19:00 a 21:00 horas, para a celebración da presentación da súa propia marca de roupa, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Será responsabilidade do solicitante o control de aforo da sala solicitada.

Deberán presentar na concellería de Cultura, póliza de responsabilidade civil.

Sinalarlle, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala de Conferencias: 2 horas x 15,25€/hora: 30,50€.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

### **PRP2019/3812**

Vista a solicitude de Dona Raquel María Souto García, en representación de **Universidade de Vigo**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o 8 de novembro de 2019, durante todo o día, para a celebración dunhas xornadas de orientación universitaria (XOU), debendo asegurarse do cumprimento das normas

establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

- Será responsabilidade do solicitante o control do aforado salón autorizado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### PRP2019/3986

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do gasto para a celebración da “Noite das Meigas” os días 30 e 31 de agosto de 2019, por un importe total de 27.446,46€ coa seguinte desagregación:

NOME DA EMPRESA	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA	
ALFARERIA ALTO DO COUSO SL	2.400 POCILLOS	1.422,96	334	215
NOR-IBERICA DE BEBIDAS, S.L.	AUGARDENTE	4.235,00€	334	22199
CONFITERIA ANCLA, S.L.	ROSQUILLAS	387,50	334	22199
COMPRA MATERIAL	(CAFE, AZUCAR, SERVILLETAS .....)	350,00	334	22199
MENDEZ SANTOS S.L.	ESPECTÁCULO MEIGALLO E PASARRÚAS	9.438,00	334	22609
ASOCIACIÓN CULTURAL A FONTE FRIA	ACTUACIÓN GRUPO DE GAITAS EMBRUXO	315,00	334	22609
RAQUEL GARCÍA RODRÍGUEZ	ESPECTÁCULO CONTACONTOS ROMARIA	330,00	334	22609
ASOCIACIÓN CULTURAL MALVEIRAS	PRODUCCIÓN E ORGANIZACIÓN ENCANTO MALVEIRAS	3.291,00	334	22609
ASOCIACIÓN CULTURAL CANTAREIRAS BULIDEIRAS DE FONTECARMOA	PARTICIPACIÓN E ANIMACIÓN NA NOITE MEIGA	150,00	334	22609
ASOCIACIÓN CULTURAL OS REMOLÓNS	PARTICIPACIÓN E ANIMACIÓN NA NOITE MEIGA	150,00	334	22609
COMARFI S.L	BANDEIRAS E TIRAS DE BANDEIRAS	1.035,76	334	22699
OUTO MATERIAL FUNXIBLE		614,24	334	22699
SGAE	DEREITO AUTOR ACTUACIÓN	1.200,00	334	22699
FRANCISCO BORJA INSUA LEMA	DESEÑO E ELABORACIÓN ELEMENTOS ESCENOGRÁFICOS	3.267,00	334	62300
PREMIO XOGO DAS SACAS		1.260,00	4311	48100

#### PRP2019/3994

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases reguladoras da convocatoria do xogo As Moedas Máxicas, para a dinamización e visibilidade do comercio e a hostalaría local que a o mesmo tempo suón unha proposta artística e cultural. Dita actividade ten un custo por importe de 1.260,00€ con cargo á partida 334-48100.

### CONTRATACIÓN

#### PRP2019/3824

Vista a proposta da Concelleira de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda, ao abeiro do establecido no Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, modificado polo Real Decreto 316/2019 de 26 de abril, publicado no BOE do 30 de abril de 2019, aprobar a solicitude ao Ministerio de Transición Ecolóxica, unha subvención por importe de 1.102.807,45€ (80%) do custo do investimento pendente de financiamento, comprometéndose o Concello de Vilagarcía de Arousa a achegar o 20% restante, e dicir 275.701,86€, para acometer as obras incluídas no Proxecto básico e de execución de carril bici para Paseo Marítimo de Vilagarcía de Arousa. Quedando o financiamento do seguinte xeito:

Denominación	Importe	Financiamento	Importe Financiado
Proxecto básico e de execución de carril bici para Paseo Marítimo de Vilagarcía de Arousa	1.378.509,31€	Ministerio de transición Ecolóxica	1.102.807,45€
		Concello de Vilagarcía de Arousa	275.701,86€
Total	1.378.509,31		

#### PRP2019/3825

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar a **D. Mariano Vázquez Iglesias**, o contrato de servizos consistente na redacción do "Proxecto básico e de execución da rúa Camilo José Cela" por un importe de 9.000,00€ (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1.890,00€, o que totaliza un importe de adjudicación de 10.890,00€ (IVE engadido), con cargo á partida 150.640.

#### PRP2019/3826

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar a **D. José Millán Armas**, o contrato de servizos consistente na redacción do "Proxecto básico e de execución de demolición de vivenda unifamiliar na rúa Rodrigo de Mendoza, 26" por un importe de 1.500,00€ (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 315,00€, o que totaliza un importe de adjudicación de 1.815,00€ (IVE engadido), con cargo á partida 150.640.

#### PRP2019/3995

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira de Urbanismo:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 12 de Agosto de 2019, aprobou a memoria denominada "Mellora accesos e patios Escola Infantil de Vilaxoán", redactada polo arquitecto

don Iago Fernández Puentes, cun presuposto total de 26.779,13€ (IVE engadido).

A necesidade a satisfacer é adecuar os patios exteriores da escola infantil de Vilaxoán ós requirimentos esixidos polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia para a posta en funcionamento de dita escola

A obra ten por obxecto mellorar os accesos e adecuar os patios exteriores da escola infantil de Vilaxoán para a posta en funcionamento de dita escola.

Para poder iniciar as obras é necesario adxudicar as mesmas a unha empresa especializada.

Ao tratarse dun contrato menor de obra, solicitouse orzamento á seguinte empresa:

Viveros Adoa s.l.	Presenta un presuposto que ascende a 22.130,33 € sen IVE
-------------------	--

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato menor de obra de “MELLORA DE PATIOS EXTERIORES NA ESCOLA INFANTIL DE VILAXOÁN”, a VIVEROS ADOA S.L. (C.I.F. B- 36300564), por importe (IVE excluído) de 22.130,33 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 4.647,37 € o que totaliza un prezo de adjudicación (IVE engadido) de 26.770,70 € con cargo á partida 323-62200.

2.- O prazo de execución do contrato é de 1 mes.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

### PRP2019/3835

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2019/118, por importe de 15.842,01 €, fiscalización previa no Informe INT/2019/26, co seguinte desglose:

Nº Registro Factura	Documento	Fecha Doc.	Programa	Económica	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre
F/2019/5047	19001400 11	28/06/2019	9201	216	344,98	SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L.	TARJETA RED PCIe 10/100/1000 ( RESPONSABLE: JUAN LUIS NUÑEZ TOURIS ) / 500-0158 NCOMPUTING DD DONGE HDMI FOR RX300 (
F/2019/5105	F190010618	30/06/2019	920	22000	2.172,76	DOCUM. E IMAGEN NOROESTE S.L.	CUOTA MANTENIMIENTO CENTRO DE COSTE 920 / COP.COLOR A4 T: 6,838 / COP.COLOR A4 T DESCONTADAS: 6,838 / COPIAS 31/05/19:43
F/2019/5106	F190010614	30/06/2019	241	22000	5,71	DOCUM. E IMAGEN NOROESTE S.L.	COUTA DE MANTENIMIENTO CENTRO MATOSÍÑOS / COP.BYN A4 T: 427 / COP.BYN A4 T DESCONTADAS: 427 / COPIAS 31/05/19:33,641 - 3
F/2019/5108	F190010613	30/06/2019	2311	22000	22,78	DOCUM. E IMAGEN NOROESTE S.L.	CUOTA MANTENIMIENTO SPAD / COP.BYN A4 T: 1,704 / COP.BYN A4 T DESCONTADAS: 1,704 / COPIAS 31/05/19:55,404 -



							30/06/19:57,
F/2019/5 109	F190010615	30/06/ 2019	3262	22000	77,10	DOCUM. E IMAGEN NOROESTE S.L.	CUOTA MANTENIMIENTO ESCOLA DE MUSICA / COP.COLOR A4 T: 413 / COP.COLOR A4 T DESCONTADAS: 413 / COPIAS 31/05/19:63,240 -
F/2019/5 110	F190010616	30/06/ 2019	3321	22000	28,96	DOCUM. E IMAGEN NOROESTE S.L.	CUOTA MANTENIMIENTO CENTRO DE COSTE 332 / COP.BYN A4 T: 2,165 / COP.BYN A4 T DESCONTADAS: 2,165 / COPIAS 31/05/19:85,373
F/2019/5 111	F190010617	30/06/ 2019	3261	22000	394,07	DOCUM. E IMAGEN NOROESTE S.L.	CUOTA MANTENIMIENTO CENTRO DE COSTE 325 / COP.COLOR A4 T: 2,435 / COP.COLOR A4 T DESCONTADAS: 2,435 / COPIAS 31/05/19:9,
F/2019/5 175	P19 006009	30/06/ 2019	241	22602	145,20	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	Selección de un socorrista; JUN-29; La Voz de Galicia; Arousa; Modulo; 2x2 MOD;
F/2019/5 214	01900234998	01/07/ 2019	132	204	3.177,81	ALPHABET ESPAÑA FLEET MANAGEMENT, SAU	ALQUILER Y SERVICIOS VEHÍCULO 2429-JFJ / ALQUILER Y SERVICIOS VEHÍCULO 2424-JFJ / ALQUILER Y SERVICIOS VEHÍCULO 2409-JFJ
F/2019/5 478	VIL-19 006	30/06/ 2019	231	22799	386,36	BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L.	Limpeza, mantemento e conservacion de espazos naturais e zonas verdes no entorno do concello
F/2019/5 478	VIL-19 006	30/06/ 2019	171	22799	386,36	BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L.	Limpeza, mantemento e conservacion de espazos naturais e zonas verdes no entorno do concello
F/2019/5 511	19168	29/06/ 2019	164	213	44,65	PADIN SILVA, FRANCISCO	REPARACIÓN CORTACÉSPED. CEMITERIOS
F/2019/5 559	TA 00000551	17/06/ 2019	453	213	35,70	MONDELO, S.L.	ORDEN DE COMPRA: 8666 AÑO: 2019 / COD. SERVICIO SERVICIO: CARRETERAS- 453 RESONSABLE
F/2019/5 560	TA 00000552	17/06/ 2019	453	213	79,56	MONDELO, S.L.	ORDEN DE COMPRA: 8639 AÑO: 2019 / COD. SERVICIO SERVICIO: CARRETERAS- 453 / DIR3: CONCELLO DE VI
F/2019/5 596	Emit- 135	29/06/ 2019	164	22199	74,54	INTERMACO, S.L.	VIGUETA T-11 3 m ( ORDE DE COMPRA 7025 RESPONSABLE DE COMPRAS NARCISO BOULLOSA ) / PLAQUETA CERAMICA 1 m ( ORDE DE COMP
F/2019/5	Emit- 137	29/06/	453	22199	46,65	INTERMACO, S.L.	CURVA SOLDAR 45 M/H 28

598		2019					( ORDE DE COMPRA 8702 RESPONSABLE DE COMPRAS RICARDO PICHEL ) / MANGUITO RED. PZAS M/H 28-15 ( ORD
F/2019/5 600	Emit- 138	29/06/ 2019	164	22199	81,44	INTERMACO, S.L.	BOTE ESPUMA PISTOLA ( ORDE DE COMPRA 6808 RESPONSABLE DE COMPRAS NARCISO BOULLOSA ) / BOTE LIMPIADOR ESPUMA ( ORDE DE CO
F/2019/5 601	Emit- 139	29/06/ 2019	164	213	84,10	INTERMACO, S.L.	ABRAZADERA PVC 90 ( ORDE DE COMPRAS 6863 RESPONSABLE DE COMPRAS NARCISO BOULLOSA ) / ABRAZADERA PVC 110 ( ORDE DE COMPRA
F/2019/5 605	Rect-Emit2- 50	12/07/ 2019	432	22612	314,60	OFTEFOR, C.B.	Rect. Emit- 50 / MONITORAJE RUTA GOZADO ULLA REALIZADA EN MAYO 2019
F/2019/5 608	A 10710	14/07/ 2019	453	22199	41,02	EQUIPAMENTOS OBREIRO, S.L.	RODILLERA ALTA DENSIDAD
F/2019/5 610	A 10657	14/07/ 2019	453	22199	15,80	EQUIPAMENTOS OBREIRO, S.L.	RODILLERA ALTA DENSIDAD
F/2019/5 617	19 0000202	09/07/ 2019	4312	212	274,83	CUEVAS, S.L.	Materiales: Chapa de aluminio de 1,2mm espesor plegada ( Fra. N° 19/0000202 - OBRA: Plaza Abastos Villagarcía - Orden C
F/2019/5 634	19186	15/07/ 2019	170	213	627,34	PADIN FRANCISCO SILVA,	REPARACIÓN DESBROZADORA, ALQUILER DESBROZADORA, ARNÉS XT. MEDIO AMBIENTE
F/2019/5 635	19187	15/07/ 2019	170	213	427,30	PADIN FRANCISCO SILVA,	SUBMINISTRO MATERIAL REPARACIÓN DESBROZADORA. MEDIO AMBIENTE
F/2019/5 766	398053 398053	30/06/ 2019	453	210	235,22	SANEAMIENTOS N.M.S.L.	PROMO SACO CEMENTO COSMOS 25KG ( ALBARAN 390290 ORDEN 8723 )
F/2019/5 768	398055	30/06/ 2019	454	22199	231,96	SANEAMIENTOS N.M.S.L.	PROMO SACO CEMENTO COSMOS 25KG ( ALBARAN 390302 ORDEN 8766 )
F/2019/5 769	398054	30/06/ 2019	453	212	541,23	SANEAMIENTOS N.M.S.L.	PROMO SACO CEMENTO COSMOS 25KG ( ALBARAN 390269 ORDEN 8653 ) / PROMO SACO CEMENTO COSMOS 25KG ( ALBARAN 390277 ORDEN 868
F/2019/5	2019/00625	26/07/	170	22799	1.709,73	TEIMAS	TROPA VERDE

795		2019				DESENVOLVEMENTO, S.L.	VILAGARCÍA ( Dinamización, material necesario,merchandising,su pervisión y soporte de Teimas para Tropa Verde
F/2019/5 808	201904493	31/05/2019	334	212	211,54	CASTROMAN I, S.L.	P-756 CROMO MATE POMO 33 / BISAGRA 550-150 ZINCADA / GOLPETE 12 BICROMATADO / obra zz san roque / ORDEN DE COMPRA N°8476
F/2019/5 809	201904494	31/05/2019	920	22199	45,39	CASTROMAN I, S.L.	PACK 2 ROLLO + DISPENSADOR TRANSP. 66*50 / CINTA PRECINTO ECOLOGICO 48MMX66MM TRANSP / PARA ELECCIONES / ORDE DE COMPRA
F/2019/5 814	201905331	30/06/2019	170	22199	96,70	CASTROMAN I, S.L.	MASCARILLA 23306 AUTOFILTRANTE FFP3S C/VALVULA / ESCOBA FIJA 3041 / CIEN TORNILLO 5.0X80 H.F. C/P P22 BICR / CIEN TORNIL
F/2019/5 815	201905333	30/06/2019	334	215	2.774,99	CASTROMAN I, S.L.	SILLON RESPALDO BAJO 8106V VERDE / ORDE DE COMPRA N°8499 / RESPONSABLE DE COMPRA ADRIAN VILAS RODRIGUEZ
F/2019/5 818	201905339	30/06/2019	453	213	72,04	CASTROMAN I, S.L.	PORTAPUNTAS ACERO INOX 1/4""X / REPOSICION TALADRO BATERIA / ORDE DE COMPRA N°8670 / RESPONSABLE DE COMPRA ADRIAN VILAS
F/2019/5 819	201905340	30/06/2019	170	22199	33,59	CASTROMAN I, S.L.	TRAJE AGUA 1700E INGE. NYL/PVC AZUL T-XL / TRAJE AGUA 1700E INGE. NYL/PVC AZUL T-L / TRAJE AGUA 1700E INGE. NYL/PVC AZUL
F/2019/5 498	A 88	02/07/2019	432	489	600,00	ASOC. RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS	CUOTA ANUAL CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL. TURISMO
					15.842,01		

### PRP2019/3833

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento da obriga das costas polo Procedemento Abreviado 138/2019 (NIG: 3603845320190000374) de Amalia Pilar Santamaría Calo, por importe de 242,00€ con cargo á partida 929-22699 ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Pontevedra.

**PRP2019/3832**

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para o rexistro de facturas N° F/2019/5910 co seguinte desglose:

Importe Total	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Economica
2.238,50	GARCIA CORZO, SONIA	HONORARIOS PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE ASESORAMIENTO XURÍDICO EN MATERIA URBANÍSTICA DO MES DE XULLO.	150	22706

**PRP2019/3831**

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para o rexistro de facturas N° F/2019/5871 co seguinte desglose:

Importe Total	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Economica
1.996,50	ALVAREZ GONZALEZ, OSCAR	HONORARIOS POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE ASISTENCIA TÉCNICA DE ENXEÑERÍA NO MES DE XULLO AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE A	150	22706

**PRP2019/3834**

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para o rexistro de facturas N° F/2019/5574 co seguinte desglose:

IMPORTE	PROVEDOR	DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN
30.423,95	ZONA DE OBRA ROSAL, SLU	OCERTIFICACIÓN NÚMERO 1 DE LA OBRA ""RENOVACIÓN DE BARANDILLAS EN EL ENTORNO DE VISTA ALEGRE""	453 62500

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.